




Coa multiplicación de soportes para ver as películas, o público comezou a deixar de ir ao cine. Os criterios de distribución obedecen a pautas de mercado, gustos que se foron creando e marcaron unha impronta nos exhibidores, que xa non arriscan.

**Datos de espectadores e recadación das películas participadas por empresas galegas**


	Espectadores	Recadación
Longametraxe con máis seguimento nas salas españolas ( <i>Mar adentro</i> )	4.099.442	19.837.473
Longametraxe de animación con máis seguimento nas salas españolas ( <i>Pérez, o ratiño dos teus sonos</i> )	706.409	3.674.564
Longametraxe con participación galega con máis seguimento nas salas europeas ( <i>Mar adentro</i> )	1.812.038	-
Mercado español das longas galegas estreadas no 2008	1.318.937	7.426.798
Longametraxes participadas por empresas galegas exhibidas nas salas comerciais en España	18.188.519	84.298.709
10 títulos con máis espectadores en España	11.398.700	53.821.858
Concentración dos 10 títulos con máis seguimento en España	7,25%	8,81%
Longametraxes de animación participadas por empresas galegas	3.007.251	12.731.136
Peso das longas galegas de animación nos datos totais	16,53%	15,10%

- Apréciase un incremento no número de producións que empregan o galego como lingua de rodaxe.
- A media de copias en galego distribuídas en España para as longas participadas por empresas galegas é de 3.
- Entre as 25 longametraxes españolas con maior recadación hai 3 títulos con participación galega: *Los girasoles ciegos*, *O espírito do bosque* e *Pérez, o ratiño dos teus sonos 2*.
- Os títulos participados por empresas galegas e estreados no ano 2008 convocaron nas salas españolas a 1,3 millóns de espectadores.
- O 15% da recadación do cine galego nas salas comerciais ven da mano das longametraxes de animación.
- A animación galega logrou mais de 3 millóns de espectadores nas salas comerciais españolas.
- Francia, Italia e Alemaña son os principais mercados europeos para as producións cinematográficas galegas.
- As películas con participación galega que lograron máis espectadores nas salas foron, con moita diferenza, *Mar adentro* de Alejandro Amenábar e *Os luns ao sol* de Fernando León de Aranoa.
- A película con participación maioritaria galega con máis seguimento no estranxeiro foi *O bosque animado*, de Manolo Gómez e Ánel de la Cruz, con 439.000 espectadores.

**Espectadores estranxeiros das producións galegas por anos. 2000-2007.**



**Espectadores por países das producións de cine galegas exhibidas no estranxeiro**



**Espectadores das producións cinematográficas galegas con máis de 150.000 seguidores en salas comerciais españolas**

